

ACTA DA REUNIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

Lugar: Reunión telemática mediante a aplicación MS Teams.

Data e hora: 14 de febreiro de 2024, 13:00 horas.

Asistentes:

Rodil Rodríguez María del Rosario (USC), Presidenta da comisión e Coordinadora Interuniversitaria do Programa de Doutoramento.

Sánchez Pedregal, Víctor Manuel (USC), Secretario.

Vaz Araújo, Belén (UVigo), Coordinadora Local da UVigo.

Álvarez Rodríguez, Rosana (UVigo), Secretaria da comisión local da UVigo.

Fernández Rodríguez, Berta (USC), Vogal

Freire Iribarne, Félix (USC), Vogal

Labisbal Viqueira, María Elena (USC), Vogal

Peña Gallego, María de los Ángeles (UVigo), Vogal

Desculpan asistencia:

Bendicho Hernández, Carlos (UVigo), Vogal

Carballo Rial, Rosa (UVigo), Vogal

Ramil Criado, María (USC), Vogal

Ausentes:

Moreda Piñeiro, Antonio (USC), Vogal

Sanmartín Matalobos, Jesús (USC), Vogal

Orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informes segundas prórrogas.
3. Altas e baixas no panel profesorado.
4. Admisións 2ª convocatoria.
5. Modificación da memoria do PD.
6. Informe da Coordinadora.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN.

Convocados pola Coordinadora mediante correo electrónico, comeza a sesión ás 13:00 horas.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Sométese a aprobación a acta do 15 de setembro de 2023. Modifícase no título o carácter da reunión, que foi ordinaria. Apróbase sen máis cambios.

2. Informes segundas prórrogas.

Para a aprobación das segundas prórrogas non coinciden os prazos das dúas universidades, polo que se acordou aprobalas a nivel local nos prazos prescritos e despois informar á CAPD Interuniversitaria.

Hai unha solicitude dun alumno da USC (Anexo I).

Acordo: informe favorable.

3. Altas e baixas no panel profesorado.

Hai unha solicitude dunha profesora da USC (Anexo II). Presenta xustificantes de que cumpre os requisitos.

Acordo: informe favorable.

4. Admisións 2ª convocatoria.

Hai un total de 13 solicitudes: 9 na USC e 4 na UVigo (ver Anexo III).

Solicitudes na USC (9).

- Dous solicitantes xa foran admitidos na convocatoria de setembro de 2023 (sesión da CAPD do 15 de setembro), mais non puideron formalizar a matrícula debido ao cambio de criterio no RD 576/2023 de 4 de xullo de 2023, que esixe ter completado os estudos de máster. Anteriormente bastaba con ter completados 60 ECTS de nivel máster. Estaban cursando o máster de 90 ECTS chamado *Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais*. Neste tempo, estes dous alumnos xa completaron o máster e cumpren o requisito de acceso. **Acordo:** admitir.
- Seis solicitantes cumpren os requisitos e aportan o compromiso de titorización dalgún profesor do programa. **Acordo:** admitir.
- Un solicitante non cumpre os requisitos. Non presenta compromiso de titorización, nin solicitou adscrición a ningunha liña de investigación do programa nin acredita coñecemento dalgunha lingua oficial. **Acordo:** non admitir.

Solicitudes na UVigo (4).

- Un solicitante non aporta xustificantes de cumprimento dos requisitos. **Acordo:** non admitir.
- Outra solicitante non completou os seus estudos de máster. **Acordo:** non admitir.
- Dous solicitantes proceden de Iraq e fixeron o máster en Turquía. Non presentan acordo de titorización de ningún profesor do programa. **Acordo:** non admitir.

Resumo: admítense 8 e denéganse 5 solicitudes. Os solicitantes non admitidos teñen un prazo de alegacións e váiselles informar da documentación que lles falta.

5. Modificación da memoria do PD (Programa de Doutoramento).

- **Modificación menor realizada no PD: adscrición do PD ás respectivas Escolas de Doutoramento de cada universidade, desvinculando os PD das respectivas facultades.** Este cambio fíxose de forma conxunta polas respectivas Escolas de Doutoramento (EDIUS e EIDO). O motivo é que isto é un requisito para superar as acreditacións.
- **Planificación da adaptación ao novo Real Decreto (RD 576/2023 de 4 de julio de 2023)** que regula os estudos de doutoramento tras a aprobación da Lei Orgánica LOSU no ano 2023. Aínda hai que agardar a que cada universidade aprobe o seu respectivo regulamento de doutoramento, o que ocorrerá en breve. Será o momento de introducir cambios na memoria do programa e de actualizar as modificacións menores que se foron aprobando nos pasados anos. Haberá que decidir como aplicar o novo RD en varios aspectos, como pode ser a solicitude de informes dos expertos externos previos a defensa das teses. O momento de elaborar a memoria será a partir de setembro de 2024. A proposta de modificación será elaborada por unha comisión da CAPD formada inicialmente polas coordinadoras locais (Rosario Rodil e Belén Vaz) e o secretario (Víctor Sánchez) da CAPD, puidéndose incorporar máis persoas máis adiante.

6. Informe da Coordinadora.

- **Novo regulamento interno dos estudos de doutoramento nas universidades de Santiago e Vigo.** Está previsto que se aproben nos vindeiros meses.
- **Páxina web conxunta do PD** (Programa de Doutoramento). A efectos da acreditación, é requisito ter unha páxina web que integre a información das universidades participantes. Polo de agora está aloxada nun servidor externo ás dúas universidades e ten un custo anual de subscripción. A partir do vindeiro curso, está prevista a posibilidade de aloxala no sitio web institucional da universidade coordinadora (USC), debido á adaptacións técnicas que se están a realizar no sitio web, e que xa se activaron para os másteres interuniversitarios. Isto permitiría

aforrar o custo económico de manter o servidor externo. Antes de adoptar a decisión, vanse realizar consultas para garantir que é posible manter a visibilidade das universidades participantes e reflectir o carácter interuniversitario do PD. Tamén hai que asegurar que se poida escoller o inglés entre as linguas de visualización.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta da comisión remata a sesión ás 13:45 do 14 de febreiro de 2024, da cal estendo esta acta como secretario.

O secretario

Víctor M. Sánchez Pedregal

Visto e prace,

A presidenta da comisión

M^a Rosario Rodil Rodríguez